

PREGUNTAS FRECUENTES RELATIVAS A LA CONVOCATORIA PREDOCTORAL DE LA XUNTA

Pode a mesma persoa directora de tese avalar varias candidaturas nesta convocatoria de predoutorais da Xunta de Galicia?

Si, a mesma persoa directora de tese de doutoramento poderá avalar varias candidaturas nesta convocatoria.

1. Con respecto ao plan de investigación e futuro proxecto de tese. Estou en proceso de presentación para a aprobación da comisión académica, se consigo telo aprobado antes da finalización do prazo entendo que teño a oportunidade de descargar o pdf que me lanza a secretaría virtual. Con todo, gustaríame saber se é obrigatorio que o que se presente á comisión sexa exactamente o mesmo que o que presente á convocatoria. Entendo que en definitiva, ambos os documentos non poden distar os seus contidos, pero nos aspectos de forma a secretaría virtual “limita” un pouco máis, e no modelo da Xunta dan máis amplitude (xa que só limita as palabras totais) para desenvolver algúns puntos que poidan ser de interese para a valoración final.

Boas, o que presentes á comisión académica de doutoramento ten que ser o mesmo o que o que presentes na Sede electrónica da Xunta de Galicia para a súa avaliación.

2. Con respecto aos méritos: en primeiro lugar, o ano pasado obtiven a bolsa de colaboración do Ministerio, finalizado o prazo desde a USC enviáronme un certificado acreditativo. ¿Este sería o documento que teño que presentar?

Boas, ademais de indicalo na soliciutde, debes presentar a acreditación do Ministerio.

3. Respecto a presentación do plan de investigación, eu son alumna do segundo ano, o plan de investigación que teño que adxuntar é que o que subin no seu momento a secretaria virtual? ou podo modificar algo?

Si debes presentar o que tes aprobado, toda modificación no plan de investigación debe ser aprobado pola CAPD.

4. E se solicitei a beca da USC co Santander, teño que facer mencion dela na soliciutde?

Si, debe indicalo.

5. Se estou cursando un máster agora mesmo, podería realizar a solicitude ou non? Xa que no momento de realizar a declaración de interese inicial é necesario ter superados 300 créditos. Eu ata xullo non vou ter o título do máster.

Si, debes asinar unha declaración no que te comprometes a matricularte no curso 2022/23 no caso de ser seleccionada.

6. Soy un estudiante extranjero y estoy matriculado en un Programa de Doctorado de la USC. Mis títulos de grado y postgrado son de otro país, ¿necesito presentar el certificado de equivalencia de la nota media?

Debes presentar el certificado de equivalencia de nota media siguiendo las instrucciones que figuran en el Link, y tu certificado de expediente con notas de dichos títulos.

7. No caso de estudiantado que esté realizando o Master no ano 2021/2022 e, polo tanto, remate previsiblemente no verán do 2022, é posible optar a esta bolsa, ou non é posible ata a seguinte convocatoria? No caso de que si, como habería que declarar esta situación no formulario de declaración de intereses do XACUS e á hora de comezar o proceso na plataforma da Xunta?

Debe marcar que non ten o título de Master.

8. Son estudante de doutoramento e aínda que teño grupo de investigación e director/a de tese, pero aínda non envíamos o proxecto á CAPD, gustaríame saber se finalmente non é aprobado, qué pasaría?

Se vostede non cumpre os requisitos non poderá asinar o contrato.

9. Pode haber máis dunha solicitude co mesmo director de tese?

Un mesmo director de tese pode avalar máis dunha solicitude.

10. Unha pregunta moi importante é se xa agora (este mes) é preciso adxuntar á solicitude todo: é dicir o proxecto de investigación, etc.

É preciso chegar toda a documentación.

11. Con respecto ao título del Máster, eu cursei un máster de 90 créditos con dúas especialidades (unha delas xa cursada de 60 créditos) e outra que estou a cursar agora mesmo. Poderían contarse os 60 créditos da primeira especialidade?

Únicamente se terán en conta os créditos de Máster para a media no caso de ter o título correspondente.

12. Se temos como directores de tese a dúas persoas, na declaración de interese a quen poñemos no apartado da mesma no que piden o nome do director/titor?

Se tedes varios directores sería bo que tiverades en conta o artigo 11 da convocatoria. Nel se indica os criterios de valoración do director de tese: pertenza a grupo con potencial de crecemento ou de referencia competitiva que contaran con financiación nalgunha convocatoria.

13. Buenos días, actualmente estoy en la lista de espera de la convocatoria 2021, a la espera de posibles renuncias de la gente que se fue a la FPU. Tengo dos preguntas sobre esto: Puedo solicitar la convocatoria de 2022 sin tener que renunciar al procedimiento que tengo a medias en la de 2021? (Y obviamente cancelando la solicitud de 2022 en caso de recibir la de 2021).

Pode solicitalo pero debe indicalo na solicitude.

14. Qué trámites adicionales tendría que hacer un estudiante que todavía se encuentra cursando su máster si no es ciudadano/a de la UE ni cursa sus estudios actualmente en la UE?

Precisaría solicitar a equivalencia do título e a da nota media.

15. En el documento "DECLARACIÓN RESPONSABLE DO PROXECTO DE TESE" se indica en la parte inferior que hay que subirlo a la plataforma XACUS. Sin embargo, en dicha plataforma no hay una opción para subir ese documento, solo hay opción para subir la Certificación Académica y el Certificado de Grupo. ¿Como se puede hacer para subir el documento? ¿Hay que subirlo a la sede electrónica de la Xunta?

O documento debe subilo a sede da Xunta co formato apelidos_InfoCapd.pdf

16. En el ANEXO III, hay que indicar si has solicitado otras ayudas predoctorales. ¿Es necesario indicar el importe de las ayudas si están en estado PENDIENTE?

Si, hay que indicar si has solicitado otras ayudas. Si no sabes el importe no es necesario indicarlo.

17. Buenos días. Terminé el grado en 2015 y el máster en 2017. ¿Sería posible presentarme?

A data de finalización dos estudos de grao debe ser posterior ou igual a xaneiro de 2018. Esta data poderá ser igual ou posteior a 1 de xaneiro de 2015 nos casos estipulados na convocatoria: baixa maternal ou menores a cargo entre o 1 de xaneiro de 2015 e o 31 de decembro de 2017, persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, acreditación de interrupción de estudos por enfermidade grave...

18. Buenos días. Respecto al plan de investigación, ¿se necesita la firma del director, del tutor o de los dos (en el caso que fueran dos profesores diferentes)?

Deben asinar o director e o interesado.

19. El informe de la CAPD de haber aprobado el plan de investigación, según el documento enviado tiene que ser firmado por el director y el coordinador del PD??? Tiene sentido que el informe de una decisión de la CAPD sea firmado por el director de tesis??

O informe da CAPD debe ser asinado polo coordinador do grupo

20. Nos hace falta subir desde el primer momento la acreditación de los idiomas? Porque algunos vamos a presentarnos a lo largo de este mes a los exámenes de nivel, y no nos darán el documento oficial hasta principios del mes que viene"

A documentación para a primeira e segunda fase así como aos méritos que se aleguen deben aportarse coa solicitude.

21. Entón, perdóademe se pregunto algo obvio, mais quixera aclarar isto. O primeiro que debemos facer é ingresar no XACUS e presentar o documento responsable de que nos matricularemos nun programa de Doutoramento para o ano que vén (que é o meu caso). Unha vez feito isto, seguimos presentando o resto dos documentos que se requiren ou debemos esperar até que alguén confirme que está recibida esta declaración?"

Unha vez que fagades a declaración de interés recibiredes unha notificación con instruccións relativas á xestión de documentos.

22. ¿Cuántos potenciales doctorandos puede presentar un director de tesis?.

Non hai límite de doctorandos para un director.

23. En cuanto a la memoria de adecuación, ¿se puede vincular el proyecto a diferentes líneas estratégicas? Gracias."

Si, pódese vincular o proxecto a varias liñas

24. O certificado de grupo refírese ao grupo do titor ou o solicitante tamén debe estar integrado nun grupo de investigación da USC?

O certificado de grupo refírese ao director da tese

25. Cómo se obtiene el certificado de grupo? Nos lo tiene que dar nuestro IP?

Hai un modelo dispoñiible para o certificado de grupo que debes subir á plataforma XACUS asinado polo director e o coordinador do grupo e que vos devolveremos asinado pola Área de Investigación .

26. Qué trámites adicionales tendría que hacer un estudiante que todavía se encuentra cursando su máster si no es ciudadano/a de la UE ni cursa sus estudios actualmente en la UE?

Tería que solicitar a equivalencia do título de grao e de nota media.

27. Si se solicitaron los contratos predoctorales de la USC, en los que también está el banco Santander, en el apartado donde se declara si se solicitaron o recibieron otras ayudas de entidades públicas, ¿habría que marcar que sí se hizo o que no?

Sí, debe marcalo.

28. ¿Este año existe una nota mínima para poder presentarse?

A nota mínima será igual ou superior a 7 ou a 6 para as titulación da rama de Enxañaría e Arquitectura

29. Entón, se fixemos o grao e o máster na USC só temos que rexistrarnos e non temos que subir o anexo V ó intercambio de documentos, non?"

Nese caso o Anexo V se vos achegará de oficio a través do intercambio de documentación da plataforma XACUS

30. Se estamos nun programa de doutoramento pero queremos postular a este contrato co codirector (que forma parte doutro programa de doutoramento) podemos?

A tese debe estar avalada por un dos codirectores e debe ser sempre o mesmo o que asina

31. Bos días, gustaríame saber se hai un límite de solicitudes que se poidan facer por grupo de investigación"

Non hai límite de solicitudes por grupo de investigación

32. Que pasa cos candidatos estranxerios con Máster que no acadan os 300 créditos?

Deben presentar o seu expediente académico e equivalencia de nota media para comprobar se cumpren os requisitos.

33. Moitas grazas pola charla. Por confirmar, se temos 60 créditos ECTS de máster e estamos admitidos nun programa de doutoramento pero non temos aínda o título de máster para a nota media só se ten en conta a nota de grao? Poderíades indicar os correos electrónicos nos que vos podemos contactar? Grazas"

Únicamente se terá en conta a nota do grao para a media.

34. Buenos días, si hicimos el grado y el máster fuera, subimos los dos certificados académicos en el mismo archivo o se pueden subir dos archivos? Gracias"

Debe convertir os documentos nun so PDF

35. ¿Los candidatos de otras autonomías pueden acceder a la sede de la Xunta?

Poden acceder calquer persoa pero debe indentificarse coa chave 365 ou certificado dixital.

36. Soy de India y estoy matriculada en un programa de doctorado aquí. Hice mi grado y maestría en India con un sistema de créditos diferente que ECTS por lo tanto no tengo esos 300 créditos que piden. Qué documentación necesito adjuntar en este caso?

Debe aportar os certificados de equivalencia do título e de nota media.

